XUNTA
DE GALICIA

FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE. ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-960. BOQUEIXÓN

1. Obxecto da actuación

O obxecto da actuación é a xustificación e definición das obras a realizar para a implantación dun itinerario peonil e ciclista en paralelo á estrada AC-960, pola súa marxe dereita, comunicando os núcleos de Sergude e Rodiño Grande, no concello de Boqueixón. Con esta actuación perséguese potenciar as viaxes a pé e en bicicleta en detrimento das viaxes a motor, reducindo deste xeito as emisións de CO2 á atmosfera e mellorando a seguridade viaria neste tramo de estrada.

2. Plan de Estradas

A estrada convencional AC-960, *A Susana (N-525) - Lím. Prov. - Vila de Cruces (PO-905)*, pertencente á rede Local da Rede Autonómica de estradas de Galicia (RAEG).

3. Descrición da actuación

As obras consisten na execución dunha senda peonil e ciclista en paralelo á estrada AC-960, entre o punto quilométrico (P.Q.) 3+120 e o P.Q. 4+480.

A senda iníciase baixo o viaduto do ferrocarril, onde finalizan as beirarrúas do núcleo rural de Sergude, e prolóngase ata acadar a senda existente en Rodiño Grande. Execútase a partir da ampliación da plataforma existente e contará cun ancho de 3,4 m cando dispón dunha franxa de xardín de 0,9 m, e un ancho de 2,5 m cando non ten zona axardinada; e elévase 4 cm sobre a beiravía. A dita beiravía terá un ancho mínimo de 0,50 m, respectándose o ancho existente cando este é maior.

En paralelo á calzada executarase un caz con sumidoiros que conducirán as augas a un conduto de pluviais baixo a senda.

Respecto ás estruturas, entre os PP.QQ. 4+080 e 4+180 retranquearase o muro de perpiaño existente, mentres que no P.Q. 4+190 salvarase o río Saramo mediante un paso de taboleiro mixto de 16 m de luz.

4. Características técnicas

Seccións:

Senda: 2,50 m (incluído o bordo), agás en zonas puntuais pola presenza de vivendas ou parada de bus.
Zona axardinada: 0,90 m, entre o P.Q. 3+120 e o P.Q. 3+950.
Beiravía: 0,50 m, pero respectarase o ancho existente cando este sexa maior.
Bordo estético que delimita a calzada: 22 x 15 cm e 1 m de lonxitude.
Senda sobre o río Salamo: ancho de 3 m.

Firmes:

- ***Senda:*** pavimento de formigón HF-4.0 bicapa (14 cm), 6 cm capa superior de cor terriza e 8 cm sen colorante. Empregarase pavimento táctil nos cruces con outras estradas.
- ***Entradas e accesos a fincas:*** pavimento monocapa de formigón HF-4,0 de 20 cm de espesor en cor terriza e con malla electrosoldada de aceiro de 15x15x10.
- ***Firme en parada de autobús:*** 20 cm de formigón HF-4,0 + rega de adherencia con emulsión C60B3 TER + capa de rodadura de 5 cm de AC16 surf BC50/70 S para dar continuidade ao aglomerado existente.

Drenaxe:

En paralelo á calzada executarase un caz de formigón de 40 cm de ancho, con sumidoiros que conducirán as augas a un conduto de pluviais baixo a senda. No caz colócanse sumidoiros cada 30 m no tramo con xardín, e cada 15 m no resto do tramo; e nos colectores pozos de rexistro cada 60 m como máximo. Consideráronse colectores de sección circular de PVC de diámetro 315 mm, e as tubaxes de conexión dende os sumidoiros ata o colector de drenaxe serán de PVC 160 mm.

Nos 260 m finais da senda, para a drenaxe mantense a gabia existente da estrada e execútase a senda a continuación.

Estruturas:

- A sección do muro de perpiaño considerada ten chanzos horizontais de 0,75 m ata acadar o muro existente e en vertical un primeiro chanzo de 0,5 e o segundo de 1,0 m. O desplome exterior é de 1H:15V.
- Pasarela peonil con taboleiro mixto aceiro formigón, isostática cunha lonxitude entre eixos de 16 metros. O taboleiro resolveuse mediante tres perfís lonxitudinais HEB-500 de aceiro S-355-JO cunha separación entre eixos de 1,35 metros, sobre os que apoia unha lousa de formigón de 0,20 metros de espesor mínimo.

Sinalización, balizamento e defensas

5. Poboación Servida (INE 2025)

Boqueixón 4.219 hab.

6. Concellos Afectados

Boqueixón.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 37, no concello de Boqueixón.

Expropiación terreos	95.916,00 €
5% de afección	4.795,80 €
Ocupación temporal	98,40 €
Orzamento total expropiacións	100.810,20 €


8. Prazo de execución

O prazo previsto de execución das obras é de **DEZ (10) meses**.

9. Orzamentos


Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	**951.558,85 €**
Orzamento Expropiacións	**100.810,20 €**
Orzamento para Coñecemento da Administración	**1.052.369,05 €**

PLANOS DE SITUACIÓN







SECCIÓNS TIPO



SECCIÓN SENDA HORMIGÓN CON ZONA VERDE
(Entre PK 3+120 y PK 3+960)



SECCIÓN SENDA EN TERRAPLÉN CON MURO DE
PERPIAÑO



SECCIÓN SENDA EN TERRAPLÉN SIN BARRERA
(Entre PK 3+960 y PK 4+080)

Ubicación	Arcén (m)	senda(m)
PK 3+960 a PK 4+000 (parada autobus)	2.10	2.02
PK 4+000 a PK 4+080	0.50	1.50 / 2.50